



**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**

## **NOTA DE PRENSA**

**Con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, o Colexio de Biólogos de Galicia (COBGA) reclama da Administración competente en Galicia máis investimentos para a promoción e conservación dos nosos recursos naturais**

**Considera absolutamente insuficientes os que se dedican a este menester**

*Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2017.*- O vindeiro día 5 de xuño celébrase outro Día do Medio Ambiente e ao que se ve, as reivindicacións pendentes seguen a ser as mesmas que os anteriores. Este ano o lema proposto pola ONU é “Estou coa natureza”: neste Día Mundial do Medio Ambiente 2017 é importante adentrarse nos espazos naturais para apreciar a súa beleza e valor, e impulsar o chamamento á protección da Terra, o noso fogar común.

No noso pequeno país, as condicións económicas de licitación da Consellería de Medio Ambiente veñen resultando na incapacidade das empresas dedicadas a estas actividades (moitas delas creadas, xestionadas e dirixidas por biólogos) para sobrevivir dignamente neste ecosistema hostil.

O COBGA reclama da Consellería de Medio Ambiente unha dotación económica axeitada e suficiente que permita aos profesionais que interveñen na promoción e conservación do noso medio, exercer o seu labor cos mínimos niveis de calidade que se supón debería acadar esta actividade, de xeito que as persoas que visitan os nosos espazos protexidos comprendan exactamente a riqueza extraordinaria da biodiversidade que albergan co rigor e profesionalidade debidos. A falla de investimentos neste asunto (e outros similares) redundará, ademais da perda de postos de traballo directos e indirectos de persoal moi cualificado (e polo tanto no que se invertiron xa moitos recursos no seu momento e non substituíbles por voluntarios) na degradación dos propios espazos que se pretende conservar.

O COBGA reclama neste Día Mundial do Medio Ambiente a adecuación das condicións de licitación destas e outras actividades nas que o concurso da profesión de biólogo entende imprescindible: está en xogo non só a pervivencia dunha actividade económica senón tamén a do noso propio patrimonio natural.

**Colexio Oficial de Biólogos de Galicia**

981 53 14 40

[info@biologosdegalicia.org](mailto:info@biologosdegalicia.org)